

Consellería de Promoción do Emprego e IgualdadeOrganismo/Centro directo: **Secretaría Xeral da Igualdade**

SUMARIO:

EXTRACTO da Resolución do 28 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral, por redución da xornada de traballo como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI440A).

BDNS (identif.): 000000.

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas, especialmente os homes, que no período comprendido entre o 1 de agosto de 2022 e o 31 de xullo de 2023 se acollan á medida de redución de xornada para o coidado dun fillo ou filla

menor de tres anos, ou menor de 12 anos no caso de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %.

No suposto de adopción ou de acollemento familiar, para ter dereito á axuda non poderán ter transcorrido máis de tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou adopción e, en todo caso, a filla ou fillo terá que ser menor de 12 anos.

2. Ademais, entre outros, deberán cumprir os seguintes requisitos ou condicións: a) estar empadroado en Galicia; b) convivir coa filla ou fillo; d) ter uns ingresos non superiores a 7 veces o IPREM segundo a declaración do IRPF do último período impositivo co prazo de presentación vencido (2022)..

Segundo. Obxecto

As axudas concédense en réxime de concorrència competitiva, e teñen por obxecto avanzar na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como medida de fomento da corresponsabilidade e da conciliación da vida familiar e laboral, especialmente por parte dos homes, mediante incentivos para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo para a atención e coidado das súas fillas e fillos, así como para as familias monoparentais, homes ou mulleres, que precisan dun apoio específico para compaxinar a vida laboral, persoal e familiar.

Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 28 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral, por redución da xornada de traballo como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI440A).

Cuarto. Importe

A contía das axudas establécese en función da porcentaxe de redución da xornada laboral e da súa duración, e en atención ao número de fillas e fillos menores de 12 anos, nun abanico que vai desde 1.700 € e ata 3.700 €.

Cando a xornada se realizase a tempo parcial, ou cando o período subvencionable sexa inferior ao máximo (8 meses), as contías das axudas reduciranse proporcionalmente.

Para a concesión destas axudas destínase un crédito por un importe total de seiscentos setenta e catro mil catrocentos sesenta e dous coma cinco euros (674.462,5 euros), o 60 % con cargo ao FSE.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non huoubese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023

Sandra Vázquez Domínguez

Secretaria xeral da Igualdade